

Calendario da implantación progresiva das ratios en aulas mixtas (agrupamentos)

Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas

As ratios vinculadas a aulas que agrupan alumnado de diferentes niveis debería terse aplicado na súa integridade no curso 2024/25. Esta era unha das medidas incorporadas no acordo da minoría sindical coa Xunta.

Porén, como nova demostración do engano que envolve todo o relacionado co “acordo da vergoña”, non se cumpre porque a Xunta decidiu implantar un calendario progresivo de aplicación, nunha nova mostra de adaptación da redución de ratios á caída da matrícula.

Así é o como queda:

Curso 2024-2025:

- Poderase agrupar o alumnado do **segundo ciclo de educación infantil** pertencente a diferentes niveis nunha mesma unidade cando o número sexa igual ou inferior a **14**.

Curso 2025-2026:

- Poderase agrupar o alumnado do **primeiro ciclo de educación primaria** cando o número sexa igual ou inferior a **14**.
- Poderase agrupar o **alumnado de infantil e primaria** cando o número sexa igual ou inferior a **10**.

Curso 2026-2027:

- Poderase agrupar o alumnado do **segundo ciclo de educación primaria** cando o número sexa igual ou inferior a **14**.
- Poderase agrupar o alumnado de **educación primaria pertencente a toda a etapa** cando o número sexa igual ou inferior a **10**.

Curso 2027-2028:

- Poderase agrupar o alumnado do **terceiro ciclo de educación primaria** cando o número sexa igual ou inferior a **14**.
- Poderase agrupar o **alumnado de primaria de distintos ciclos** se o número é igual ou inferior a **12**.
- Poderase agrupar o **alumnado de infantil** de distintos niveis cando inclúa **alumnado de 3 anos** se o número é igual ou inferior a **12**.